

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**8508** *Real decreto 516/2013, do 5 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional sétima relativa á ordenación da función pública docente e funcións dos corpos docentes, establece, en primeiro lugar, os corpos en que se ordena a función pública docente e, a continuación, habilita o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, para establecer as condicións e os requisitos para que os funcionarios pertencentes a eses corpos docentes poidan, excepcionalmente, desempeñar funcións nunha etapa ou, de ser o caso, ensinanza distintas das asignadas ao seu corpo con carácter xeral. Para tal desempeño determinárase a titulación, formación ou experiencia que se consideren necesarias.

O artigo 8.1 do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario, sinala que a docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato e na formación profesional, por parte de funcionarios pertencentes a corpos docentes distintos dos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, en aplicación do previsto no número 1 da disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, se concretará nas normas polas cales se determinen as especialidades dos corpos respectivos.

Procede agora, conforme o previsto no citado artigo 8.1 do Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, modificar o Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para que os funcionarios pertencentes aos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas poidan excepcionalmente desempeñar funcións como catedráticos e profesores, respectivamente, no ensino secundario obrigatorio, no bacharelato e na formación profesional, para impartir as materias de linguas estranxeiras correspondentes á súa especialidade.

Este real decreto ten o carácter de norma básica e dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia para establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Na tramitación deste real decreto emitiu ditame o Consello Escolar do Estado, consultáronse as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación e emitiron informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comisión Superior de Persoal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, polo que se establecen as especialidades dos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Un. Engádesse unha nova disposición adicional ao Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda.

Os funcionarios pertencentes aos corpos de catedráticos e de profesores de escolas oficiais de idiomas poderán, excepcionalmente desempeñar funcións como catedráticos e profesores, respectivamente, no ensino secundario obrigatorio, no bacharelato e na formación profesional, para impartir as materias de linguas estranxeiras correspondentes á súa especialidade.

As administracións educativas regularán nos seus ámbitos respectivos o exercicio desta posibilidade, que comportará, en todo caso, a voluntariedade dos interesados e non terá efectos nos cadros de persoal estables dos centros. Os requisitos de titulación e formación serán os establecidos no Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obligatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.»

Dous. A disposición adicional única do Real decreto 336/2010, do 19 de marzo, pasa a ser a disposición adicional primeira.

**Disposición derradeira primeira.** *Habilitación normativa.*

Facúltase o titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, sen prexuízo do desenvolvemento normativo que lles corresponda realizar ás comunidades autónomas.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA